

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se convocan para o ano 2010 as axudas para a execución de medidas de promoción do sector vitivinícola en mercados de países terceiros.

Advertido un erro no texto da citada orde, publicada no DOG número 46, do 9 de marzo de 2010, é necesario realizar a oportuna corrección:

Na páxina 3.064, na columna da dereita, no número 2 do artigo 3º, onde di: «... e terán que presentar documentos que xa se encontren en poder da Administración...», debe dicir: «... polo que non terán que presentar documentos que xa se encontren en poder da Administración...».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA**

Resolución do 15 de marzo de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008), pola que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 15 de marzo de 2010, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 2 de outubro de 2008 (DOG nº 195, do 8 de outubro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008), e de conformidade co establecido na base IV da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación acadada, con indicación do seu documento nacional de identidade.

Segundo.-De acordo co disposto na base IV da orde da convocatoria, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentar a documentación prevista no punto 2 da citada base.

Terceiro.-Elevar a dita relación de aspirantes ao titular da Dirección Xeral de Función Pública para

que elabore a proposta de nomeamento como funcionarios/as de carreira dos aspirantes que figuran nela.

Cuarto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso dealzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2010.

José Luis Chan Rodríguez
Presidente do tribunal

ANEXO

Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos forestais

Nº	Apelidos e nome	NIF	1º exame	2º exame	Concurso	Total	Cota discap.
1	Araújo Fernández, José Manuel	76777722L	14,25	11,84	16	42,09	
2	Vidal Ces, Pablo	76778180V	13,40	11,01	16	40,41	
3	Mosquera González, Juan Manuel	76719173M	12,97	13,22	14,20	40,39	
4	Estévez Vázquez, Mónica	33334485X	14,46	11,68	12,40	38,54	
5	Yuste Heredero, Ignacio Manuel	50086741D	11,27	11,12	16	38,39	
6	Vázquez Rey, Jorge	76415472L	14,04	14,76	8,60	37,40	
7	Díaz Doval, Jesús	33994031P	11,06	10,09	16	37,15	
8	Pardo Sorribas, María José Reyes	34897870Q	11,70	11,85	10,20	33,75	
9	Salvado Garboa, Roberto	44076289D	10,85	10,82	12	33,67	
10	Moreda Rodríguez, Edna	36141855T	13,40	11,96	7,20	32,56	
11	Capón Domínguez, Manuel	76578712M	13,19	10,2	8,60	31,99	
12	Castro-Gil Seijas, José Rafael	33326104R	12,34	10,56	8,60	31,50	
13	Fernández Cabanas, José María	33334253P	14,04	12,56	4,60	31,20	
14	Naveiras de Uña, Beatriz	46901856A	15,10	13,68	0	28,78	
15	Bernad Colas, María Isabel	18987457Z	14,04	13,67	0	27,71	
16	Iglesias Montes, Roi	34959126T	14,25	10,78	2,40	27,43	
17	Carreira Fernández, Raquel	33337325K	13,19	10,22	4	27,41	
18	Piñeiro Tubío, Xosé Alberte	44815060C	12,55	10,91	3,80	27,26	
19	Todea González, Antonio	44448404F	14,89	10,09	1,80	26,78	
20	Blanco Silva, Raquel	44807236Q	13,82	11,28	0	25,10	
21	Gasalla Regueiro, Manuel	33336357L	14,04	10,08	0	24,12	
22	Barreiro Filgueira, Alfonso	44076975M	11,91	10,04	1,80	23,75	
23	Cordal Cuba, Javier	33538968T	11,91	11,49	0	23,40	S

Resolución do 15 de marzo de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 26 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 129, do 3 de xullo), pola que se dá publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 15 de marzo de 2010, o tribunal designado pola Orde do 14 de xaneiro de 2010 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, de conformidade co disposto na base II da convocatoria,

ACORDOU:

Primeiro.-Á vista das reclamacións e alegacións presentadas, anular no primeiro exercicio do proce-